

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Contratos administrativos***BASES REGULADORAS DOS POSTOS DE DEGUSTACIÓN, VENDA E PROMOCIÓN DA
FESTA GASTRONÓMICA DO CHOCO 2019***BASES PARA OS POSTOS DE DEGUSTACIÓN, VENDA E PROMOCIÓN
DA FESTA GASTRONÓMICA DO CHOCO 2019**

Estando prevista para os días 10, 11 e 12 de maio de 2019 a celebración da XXXII edición da Festa do Choco de Redondela, establécense as seguintes bases para regular as características dos postos de degustación, venda e promoción.

Primeira.—Tipoloxía dos postos*Tipo I: Postos de degustación*

Serán os postos destinado tanto á venda de pratos para a degustación na propia carpa como para levar. Todas as elaboracións terán como ingrediente principal o Choco de Redondela. Tamén poderán servir bebidas e alimentos complementarios.

Tipo II: Postos de Venda ou Promoción

Postos destinados ou ben á venda de produtos cuxo ingrediente principal sexa o Choco de Redondela e/ou produtos complementarios da alimentación tradicional da zona, ou ben de promoción doutro tipo de produtos non alimentarios tradicionais de Redondela ou actividades vinculadas co Choco ou a Enseada de San Simón.

Segunda.—Características e prezos dos postos

O horario de actividade abranguerá o venres dende ás 20:00 a 01:00 hrs; o sábado dende ás 10:30 a 01:00 hrs e o domingo dende ás 10:30 a 21:00 hrs, horario durante o cal os postos deberán permanecer obrigatoriamente abertos ao público. A montaxe do posto poderá comezar o venres día 10 de mañá e, en todo caso, antes das 20:00 hrs.

Os prezos dos postos fíxanse en función das súas dimensións aplicando a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industria de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica do Concello de Redondela (BOP nº 104, 31/05/2012):

- Taxa posto de degustación: 225 € (dimensións 10 x 3 m2).
- Taxa posto de venda ou promoción: 60 €.



Mércores, 10 de abril de 2019

Núm. 70

A colocación dos mesmos no recinto feiral se establecerá por sorteo público entre os solicitantes que se anunciará con polo menos 48 horas de antelación na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Terceira.—Requisitos de participación

Postos de degustación:

a) Poderán participar as persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan de forma habitual unha actividade hostaleira preferentemente no Concello de Redondela.

b) Cada establecemento poderá elaborar o prato ou pratos de degustación que considere oportunos sempre que o ingrediente principal sexa o Choco de Redondela. Non se poderá vender ningún prato que non sexa elaborado co choco.

c) O prezo de venda ao público dos distintos tipos de pratos de degustación será o establecido pola organización.

d) A rotulación dos postos estará suxeita a unhas dimensións que determinará a comisión organizadora e correrá pola conta dos titulares dos postos. Non está permitida a publicidade no exterior dos postos.

e) Poderán vender tamén pan, viño, refrescos, augas e outros alimentos que sirvan de complemento.

f) Cada establecemento participante deberá cumprir a normativa xeral e sectorial que lle sexa de aplicación por razón dos produtos respondendo individualmente das devanditas obrigas.

g) Deberán achegar os oportunos certificados de compra do Choco de Redondela conforme ao disposto pola Confraría de Pescadores de Redondela.

h) Os postos atoparanse e deixaranse totalmente limpos nas condicións hixiénicas e de seguridade esixibles para a manipulación dos alimentos que se expendan.

i) Prohíbese a venda de bebidas ou combinados de alta graduación alcohólica.

Postos de venda ou promoción:

a) Poderán participar as persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan unha actividade económica preferentemente no Concello de Redondela.

b) Terán prioridade as actividades do sector alimenticio cuxos produtos exalten pratos elaborados con Choco de Redondela (empanadas, empanadillas, etc).

c) Poderán destinarse á venda de produtos complementarios ou de alimentación tradicional da zona. Tamén poderán destinarse á promoción doutro tipo de produtos non alimentarios con arraigo ou tradición no Concello de Redondela.



d) Cada establecemento participante atenderá á normativa xeral e sectorial que lle sexa de aplicación respondendo individualmente das devanditas obrigas.

Cuarta.—Publicidade das bases e Inscripción

Unha vez aprobadas estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Redondela mediante modelo normalizado que se facilitará no propio Concello. Tamén poderá facerse segundo o previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

O prazo de presentación de instancias será de 10 días naturais dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP. Xunto coa inscrición os participantes acreditarán ter satisfeitos os importes relativos ás taxas indicadas na base segunda así como a acreditación conforme desenvolven de forma habitual unha actividade hostaleira, no caso dos postos de degustación, ou que desenvolven unha actividade económica e de que tipo, nos casos dos postos de venda ou promoción.

En todo caso, deberán presentar a seguinte documentación:

- Alta do Imposto de Actividades Económicas e recibo pago do mesmo da anualidade de 2019. No suposto de non estar obrigado ao pago do imposto, declaración responsable de estar exento da obriga.
- Especificación do número exacto de persoas que traballarán durante a festa.
- Copia dos contratos de traballo, altas na Seguridade Social e carnés de manipulador de alimentos das persoas que van a desenvolver a actividade. O Concello resérvase o dereito para comprobar dita documentación durante o desenvolvemento da actividade aos participantes na festa.
- No caso de autónomos, acreditación da alta como autónomo e último recibo de pago.
- Seguro de responsabilidade civil (póliza e recibo de pagamento) que cubra o importe mínimo de 100.000 € para o evento concreto da festa do Choco. A estes efectos pódese achegar o do correspondente establecemento.
- Xustificante do pagamento da taxa de ocupación da vía pública.
- Declaración xurada asinada de cumprimento das normas.

Quinta.—Adxudicación dos postos

A adxudicación dos postos obedecerá ás seguintes normas:

1. *Postos de degustación:* adxudicáranse preferentemente a hostaleiros/as que desenvolvan a súa actividade no municipio de Redondela. En caso de existir máis solicitudes que postos, a adxudicación farase por sorteo público entre os solicitantes que se anunciará con polo menos 48 horas de antelación na páxina web do Concello.



Mércores, 10 de abril de 2019

Núm. 70

2. *Postos de venda e promoción:* adxudicáranse preferentemente a aqueles postos relacionados co sector alimenticio cuxos produtos exalten os pratos elaborados con choco (empanadas, empanadillas, etc) ou ben a aqueles postos de promoción doutro tipo de produtos non alimentarios con arraigo ou tradición no Concello de Redondela. En caso de existir máis solicitudes que postos adxudicárase por sorteo público entre os solicitantes que se anunciará con polo menos 48 horas de antelación na páxina web do Concello.

Sexta.—Normas de participación

As/os participantes comprométese a acatar as normas e instrucións da organización e calquera outra adicional que se estableza para a mellor organización do evento.

No caso de que algún dos solicitantes non acadara un posto na celebración do sorteo procederase á devolución das taxas satisfeitas.

Sétima.—Réxime sancionador

Estas bases teñen carácter de obrigado cumprimento e non eximen en ningún caso das posibles infraccións que poidan aplicarse en función da lexislación vixente sobre estas materias, concretamente a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, polo que se establece o réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia e o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

A tenor do disposto nos artigos 51 e seguintes da Lei 9/2013, constitúen infraccións en materia de actividades as accións ou omisións tipificadas nesta lei, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutro orden que puidesen derivarse das mesmas, así como das previstas na normativa sectorial. En todo caso, constitúen infraccións moi graves:

- Levar a cabo actividades, ou realizar modificacións, sen efectuar a comunicación previa ou sen dispoñer das licenzas ou autorizacións oportunas, ou incumprir as súas condicións, se supuxese un risco grave para as persoas ou bens.
- Incumprir as medidas de seguridade e condicións de seguridade e hixiene establecidas no ordenamento xurídico, así como aquelas outras recollidas nas correspondentes comunicacións previas, licenzas ou autorizacións, ou derivadas de inspeccións, cando supuxesen un grave risco para a seguridade das persoas ou bens.
- O engano ou falsidade nas comunicacións previas ou na obtención das correspondentes licenzas ou autorizacións mediante a achega de documentos ou datos.
- O mal estado dos establecementos, instalacións e servizos que supuxese un grave risco para a seguridade das persoas.

Serán obxecto de infracción grave:

- O exceso dos horarios establecidos para os establecementos e actividades.



Mércores, 10 de abril de 2019

Núm. 70

- A inexactitude ou omisión de carácter esencial nos datos obxecto de comunicación previa, licenza ou autorización.
- O mal estado dos establecementos, instalacións e servizos que non supuxese un grave risco para a seguridade do público e executantes.
- Non colaborar no exercicio das funcións de inspección.

Finalmente serán obxecto de infracción leve:

- A inexactitude, falsidade ou omisión en calquera outro dato ou documento que acompañe ou consta na comunicación previa cando non tivera carácter esencial.
- Calquera outra acción que constituía incumprimento das obrigas establecidas na presente lei ou vulneración das prohibicións nela contempladas, cando non proceda a súa cualificación como infracción moi grave ou grave.

Estas infraccións serán sancionadas conforme as contías sinaladas no artigo 58 e seguintes da lei de aplicación (Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia).

Mércores, 10 de abril de 2019

Núm. 70

FORMULARIO DE SOLICITUDE
Postos do recinto da carpa da Festa do Choco 2019**Datos da/o solicitante:**

Nome / Razón social:	CIF:
Titular:	NIF:
Enderezo social completo:	
Teléfono/Móbil:	E-mail:

Datos e tipo de posto:

— Posto degustación (225 €) — Posto de Venda – Promoción (60 €)
NOME DO POSTO:
Descrición detallada da actividade (relación dos pratos de degustación obxecto de venda):
Persoal (indicar número de persoas de atención ao público):

Redondela, _____ de _____ de 2019.

Sinatura:

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA:

— Fotocopia do DNI do solicitante ou representante.
— Fotocopia do CIF no caso de que o titular sexa unha persoa xurídica.
— Certificado de estar de alta na Seguridade Social.
— Certificado de estar de alta no IAE.
— Fotocopia do carné de manipulador de alimentos (se procede).
— Xustificante do pagamento da taxa de ocupación da vía pública.
— Certificado de compra do Choco de Redondela (emite Confraría de Pescadores).
— Declaración xurada de cumprimento da normativa.



Mércores, 10 de abril de 2019

Núm. 70

DECLARACIÓN XURADA

XXXII FESTA DO CHOCO DE REDONDELA 10, 11 e 12 MAIO 2019

ESTABLECEMENTO:

RESPONSABLE:

DNI:

A persoa que asina este documento, faise responsable do posto, sendo a súa obriga, entre outras, facilitar información completa deste documento a todos os membros e participantes do posto:

- Prohibida a venda de alcohol a menores de 18 anos.
- Obrigatorio respetar os horarios de entrada e saída da carpa.
- Todos os pratos deberán ir con choco. Non se poden vender outras especies como calamares ou sepia.
- O viño ten que ser etiquetado, con número de bodega, ingredientes e datos de contacto en caso de reclamación.
- O material debe estar exclusivamente dentro do posto, non se pode ter material na carpa se non está dentro do posto.
- Obrigatorio cumprir todas as normas de hixiene e seguridade.
- Obrigatorio usar os gorros e delantais que proporciona o Concello.
- Obrigatorio utilizar o material que proporciona o Concello. O que non se use haberá que devolvelo ao remate da festa.
- Todas as bebidas entregaránselle ao cliente con precinto, excepto cañas, café, batidos ou *chupitos*.

O incumprimento de calquera destas normas significara a non posible montaxe do posto en edicións posteriores.

Asinado:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:FUZIQV0BHHENA3HI

